



O Parlamento de Galicia comeza a tramitación do proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2013

- O proxecto de lei foi entregado pola conselleira de Facenda á presidenta do Parlamento
- A Mesa da Cámara admitiu o documento a trámite e, coa audiencia da Xunta de Portavoces, aprobou o borrador de calendario de tramitación

Santiago, 28 de decembro de 2012.- O Parlamento de Galicia iniciou hoxe a tramitación do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

A Conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, entregou formalmente o texto presupostario á presidenta da Cámara Pilar Rojo Noguera. Posteriormente, a Mesa do Parlamento de Galicia admitiu a trámite o proxecto de lei que, acto seguido, foi trasladado á Xunta de Portavoces, que tomou coñecemento do mesmo e aprobou o borrador do calendario de tramitación parlamentaria dos orzamentos de 2013.

A tramitación parlamentaria do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 desenvolverase de acordo co seguinte calendario de traballo:

DECEMBRO

28 (venres)

MESA DO PARLAMENTO. Cualificación, admisión a trámite do proxecto de lei e aprobación do calendario para a súa tramitación.
XUNTA DE PORTAVOCES. Asignación á comisión competente e audiencia en relación co calendario de tramitación.

28 (venres)

PUBLICACIÓN DO PROXECTO DE LEI NO BOPG.

29 (sábado, ás 12 hs.)

REMATA PRAZO PARA SOLICITUDE COMPARENCIAS NA COMISIÓN 3.^a
COMEZO DO PRAZO PARA PRESENTAR EMENDAS Á TOTALIDADE.



	31 (luns)	-MESA DO PARLAMENTO -XUNTA DE PORTAVOCES. Para fixar as ordes do día das <u>sesións extraordinarias</u> da Comisión 3. ^a dos días 7, 8, 9, 10, 11, 14, 15, 16 e 17 de xaneiro de 2013. Convocatoria da Comisión 3. ^a
XANEIRO	9 (mércores) 10 (xoves) 11 (venres) 14 (luns) 15 (martes) 16 (mércores)	COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3. ^a COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3. ^a COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3. ^a COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3. ^a COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3. ^a COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3. ^a
	16 (mércores)	REMATE PRAZO EMENDAS Á TOTALIDADE
	17 (xoves) 18 (venres)	COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3. ^a COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3. ^a
	21 (luns)	COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3. ^a CUALIFICACIÓN DAS EMENDAS Á TOTALIDADE POLA MESA DA COMISIÓN 3. ^a
	22 (martes)	PUBLICACIÓN EMENDAS Á TOTALIDADE NO BOPG
	22 (martes)	-MESA DO PARLAMENTO -XUNTA DE PORTAVOCES. Para fixar a orde do día da <u>sesión extraordinaria</u> do Pleno para o debate orzamentario de totalidade do 29 de xaneiro. Convocatoria do Pleno.
	25 (venres)	REMATE PRAZO EMENDAS PARCIAIS
	29 (martes)	PLENO EXTRAORDINARIO DO DEBATE DE TOTALIDADE
	30 (mércores)	CUALIFICACIÓN EMENDAS PARCIAIS POLA MESA DA COMISIÓN 3. ^a
	31 (xoves)	PUBLICACIÓN DAS EMENDAS PARCIAIS NO BOPG.
	31 (xoves)	MESA DA COMISIÓN 3. ^a : Fixación da orde do día da sesión ordinaria da Comisión para designar a Ponencia.
FEBREIRO	4 (luns)	DESIGNACIÓN DA PONENCIA POLA COMISIÓN 3. ^a E CONSTITUCIÓN DA PONENCIA.
	5 (martes)	-MESA DO PARLAMENTO -XUNTA DE PORTAVOCES. Para fixar a orde do día da sesión ordinaria do Pleno do 12 de febreiro
	5 (martes)	INFORME DE PONENCIA



6 (mércores)	INFORME DA PONENCIA
7 (xoves)	PUBLICACIÓN DO INFORME DA PONENCIA NO BOPG.
8 (venres)	CONVOCATORIA DA COMISIÓN 3. ^a PARA A ELABORACIÓN DO DITAME
11 (luns)	DITAME DA COMISIÓN
12 (martes)	PLENO ORDINARIO
13 (mércores)	PLENO ORDINARIO
14 (xoves)	DITAME DA COMISIÓN
15 (venres)	DITAME DA COMISIÓN
18 (luns)	DITAME DA COMISIÓN (Escritos de mantemento de emendas e, se é o caso, de formalización de votos particulares).
19 (martes)	PUBLICACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN.
21 (xoves)	-MESA DO PARLAMENTO -XUNTA DE PORTAVOCES. para fixar a orde do día do Pleno orzamentario do 25 de febreiro.
25 (luns)	PLENO ORZAMENTARIO
26 (martes)	PLENO ORZAMENTARIO

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia